



Concello de Mugarbos
(A Coruña)

Actividade Convocatoria sesión ordinaria Pleno
Número expediente PLN/2023/15

PLN/2023/15.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS O DIA VINTE E CINCO DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Sendo as dezanove horas e trinta minutos do ano dous mil vinte e tres, en primeira convocatoria, reúnese aos efectos de celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, contando coa presenza dos seguintes concelleiros/as:

Cadro de asistencia	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel KuntzPeiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Evaristo Deus Deus	Asiste
Verónica Fernández Varela	Asiste
Javier Cartelle Cudilleiro	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Iván Martínez González	Asiste





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Actúa como secretaria a titular do posto de secretaria xeral, Dna. Paula E. Ramos Díaz, contando coa presenza da interventora, D^a Ana Gómez Peña.

Déixase constancia de que para os efectos do cumprimento do deber de publicidade activa e de conformidade co establecido no artigo 5.3º da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, a acta reflicte as operacións de disociación de datos de natureza persoais necesarias así como as impostas polo artigo 51 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1º.- SECRETARÍA.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 27.09.2023 (2023-0015). De conformidade co establecido no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese á consideración do Pleno:

- Acta da sesión ordinaria realizada con data 27 de setembro de 2023.

Non formulándose observación ou reparo ningún e sometida a votación ordinaria, o Pleno prestou aprobación á mesma segundo o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor

2º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á SITUACIÓN DO TRANSPORTE POR ESTRADA NA COMARCA.- Moción presentada polo grupo municipal BNG con data 16 de outubro de 2023, número rexistro de entrada 2023-E-RE-2103, da que se da conta na sesión ordinaria realizada pola Xunta de Portavoces con data 18 de outubro de 2023 para os efectos do trámite previsto no ROM, con carácter previo á súa inclusión da orde do día do Pleno:“MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO AO CONCELLO-PLENO:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

SITUACIÓN DO TRANSPORTE POR ESTRADA NA COMARCA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Dende o BNG sempre acreditamos que o transporte colectivo de carácter público - baseado sempre no seu carácter inclusivo para todas as persoas usuarias- é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén un labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela (tal e como sucede cos concellos de Mugardos e Ares, península de Bezoucos, que constitúen un punto xeográfico terminal). Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións, así como de accidentes ou colapsos e ruídos nos espazos urbanos.

Ao fío da instauración do último Plan de Transporte de Galiza, son milleiros as queixas de persoas usuarias, colectivos e traballadores ante este novo modelo no deseño das licitacións públicas e da súa execución ou posta en práctica. Este novo plan de transporte está a deixar na nosa comarca unha situación realmente caótica; con eliminación de horarios, itinerarios e paradas, cuestión que repercute negativamente na vida diaria da veciñanza. Este último plan de transporte de Galiza deixa fóra moita da poboación da comarca que este plan de transporte non ten nin en consideración, situación agravada pola falta de oferta de alternativa de transporte por parte de quen ten a competencia, a Xunta de Galicia.

Esta situación é patente para os veciños e veciñas de Mugardos que vemos que os horarios de transporte é un fenómeno esotérico e de adiviños. Non se adapta a periodicidade do transporte ás necesidades do estudantado, persoas que precisan o seu desprazamento á cabeza da comarca ou conectar con outras liñas de transporte que comunican con A Coruña ou coa capital de Galiza.

Unha situación que deriva dos evidentes incumprimentos por parte da adxudicataria MONBUS, mais tamén da complicidade da Xunta; como responsábel da adxudicación do servizo e garante das cláusulas que se explicitan nos mesmos. E cómpre lembrar que, para o desenvolvemento do transporte metropolitano na nosa comarca, asinouse un convenio hai dous





Concello de Mugardos
(A Coruña)

anos –que deriva nunha importante aportación económica por parte dos concellos- no que se expresa coma un dos obxectivos fundamentais “... proceder á execución dunha serie de actuacións conxuntas que permitan o mellor desenvolvemento do transporte metropolitano no seu ámbito, como medidas de fomento de mobilidade sostible...”. Nada máis lonxe da realidade... Lonxe do cumprimento dos obxectivos fixados no convenio resulta totalmente caótica: incumprimento de horarios e itinerarios, insuficiencia e malas condicións dos medios utilizados, carencias de persoal , etc....Unha situación que levamos aturando desde hai tempo, e dun xeito indecente desde que a Xunta procedeu á nova adxudicación ao monopolio que representa a empresa MONBÚS; e que está a ser denunciada desde diversos colectivos e institucións, sen que se producise mellora algunha das deficiencias comentadas.

Con este panorama, resulta evidente que os obxectivos que se concretan no convenio asinado vai para dous anos --no que os concellos achegan en cada anualidade 2021-2024 máis de 350.000 euros- están a incumprirse por parte da Xunta, que é realmente a que tén que velar porque a/s empresa/s adxudicataria/s cumpran os seus contratos que, entendemos, deberían responder ao contido do convenio asinado cos concellos.

Este último plan de transporte de Galiza, ademais deixa fóra moita da poboación da comarca, á que o plan e os seus responsables non teñen nin en consideración, situación agravada pola falta de oferta de alternativa de transporte por parte de quen ten a competencia, a Xunta de Galicia.

Neste contexto, e atendendo á defensa dos intereses das persoas usuarias e tamén á transparencia e obxectividade no referente ao destino dos fondos municipais que os concellos están a dirixir ao cumprimento do convenio, e tendo presente a realidade dos concellos rurais, así como a lexislación competencial e o actual sistema de financiamento municipal, solicitamos do Pleno do Concello a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. O Pleno do Concello, á vista dos problemas que está a padecer o servizo de transporte público de viaxeiros a nosa comarca, e especialmente no noso Concello, que afecta directamente ao conxunto dos nosos veciños e veciñas, acorda demandar da Xunta unha urxente solución á citada problemática; concretada especialmente **no reforzo**





Concello de Mugardos
(A Coruña)

e adaptación de servizos en horas que demandan os colectivos de usuarias, co fundamental obxectivo de atender definitiva e acádamente as necesidades de mobilidade da poboación da comarca, nomeadamente as derivadas de razóns laborais, académicas, asistenciais, de mobilidade e sociais.

2. Do mesmo xeito, demandamos a curto prazo a revisión de calquera participación como promotor, por delegación ou contractual, na que participe o Concello de Mugardos, relacionada co transporte metropolitano da comarca.”

Primeira quenda de intervencións	
Portavoz EU	O seu grupo está de acordo co fundamental da moción e solicita unha aclaración do segundo punto do acordo que propón.
Portavoz PDsG-PSOE	Adianta o voto a favor do seu grupo. Lembra que xa son moitas as iniciativas presentadas pola caótica situación. Consideran importantes reforzar certas franxas horarias e o ocio así como o incumprimento dos horarios.
Portavoz PP	O seu grupo vai a cambiar de postura por canto no seu día trasladaron as alegacións á Xunta de Galicia sinalando que dende que se conta cunha nova licitación a situación empeorou e aclara respecto ao punto segundo que non hai relación contractual ningunha outra entidade.

Segunda quenda de intervencións	
Evaristo Deus Deus Grupo BNG	Indica que o segundo punto trataba de acoller outros supostos como a posible relación contractual que existise coa mancomunidade ou outra entidade asociativa na que estivese presente o concello.
Portavoz PP	Para o seu grupo antes das siglas importa a veciñanza, polo que van a votar a favor da moción presentada.
Portavoz BNG	A finalidade da moción é mellorar o sistema de transporte e defendelo en todas as instancias nas que participe o concello.

Rematado o debate, sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
--------------	----	-----	-----------	----





Concello de Mugardos
(A Coruña)

municipal	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor

En atención ao resultado acadado, o Pleno de conformidade co establecido nos artigos 22 e 25.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- O Pleno do Concello, á vista dos problemas que está a padecer o servizo de transporte público de viaxeiros a nosa comarca, e especialmente no noso Concello, que afecta directamente ao conxunto dos nosos veciños e veciñas, acorda demandar da Xunta unha urxente solución á citada problemática; concretada especialmente **no reforzo e adaptación de servizos en horas que demandan os colectivos de usuarias**, co fundamental obxectivo de atender definitiva e acaídamente as necesidades de mobilidade da poboación da comarca, nomeadamente as derivadas de razóns laborais, académicas, asistenciais, de mobilidade e sociais.

Segundo.- Do mesmo xeito, demandamos a curto prazo a revisión de calquera participación como promotor, por delegación ou contractual, na que participe o Concello de Mugardos, relacionada co transporte metropolitano da comarca.

3º.-SECRETARÍA.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE RELATIVA Á CESIÓN CASA NATAL PINTOR BELLO PIÑEIRO.-

Moción presentada con data 16 de outubro de 2023, número rexistro de entrada 2023-E-RPLN-9, da que se da que se da conta na sesión ordinaria realizada pola Xunta de Portavoces con data 18 de outubro de 2023 para os efectos do trámite previsto no ROM con carácter previo á súa inclusión da orde do día do Pleno que tras unha exposición de motivos solita pronunciamento do Pleno en orde:

“ ...

Instamos al gobierno municipal a retomar la negociación para la cesión de la Casa natal del pintor Bello Piñeiro con el Arzobispado de Santiago de Compostela en favor del Concello de Mugardos.

Toda vez que se obtenga la cesión poner el edificio en seguridad y habilitar una zona de aparcamiento en la finca anexa.”

Inicia o exame deste punto da orde do día o portavoz do grupo PSdG-PSOE dando lectura ao texto íntegro da devandita moción.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Motiva a presentación da moción en que o protocolo asinado no seu día expiro una súa vixencia este ano e o estado da casa é ruinoso, considerando que debe ser o propio concello o que poña en valgo un inmovible tan necesario.

Primeira quenda de intervencións	
Portavoz EU	Trátase dun tema recorrente. Tras catro anos non se ten avanzado nada e o seu grupo segue a apostar pola adquisición do inmovible para fins socio culturais, aparcamento e apertura de O Seixo ao mar. Polo que considera se debe retormar a iniciativa e dótalo orzamentariamente.
Portavoz BNG	Estima que a moción é boa máis a idea orixinal é de EU, apostando por unha adquisición e por tanto por unha cesión máis alá de cincuenta anos e con opción a compra xa que O Seixo se abre ao mar a través dese aparcamento.
Portavoz PP	O Arcebispado de Santiago en canto propietario é o que se ten que ocupar do estado do inmovible como o resto dos vecinos/as, estándose a tramitar o primeiro expediente con tal finalidade tanto respecto á casa de Bello Piñeiro como para a antiga Escola de Franza. Avanza que dende a área de Urbanismo nestes últimos tres meses se está a apostar polas ordes de execución e de ruína. O seu grupo é partidario da cesión en propiedade máis sen descuidar que non se pode facer fronte a todo. O concello non pode aceptar a cesión de bens que teñan cargas pendentes tendo a disposición dos grupos os servizos técnicos municipais. Ao que se une que o Arcebispado non é partiaro da venda.

Segunda quenda de intervencións	
Portavoz EU	O seu grupo é partidario de adquirir o inmovible, sendo ademais unha oportunidade de sentarse a falar doutros bens da propiedade do Arcebispado como é a antiga escola de Franza.
Portavoz PSdG-PSOE	Defende a súa moción por que en catro anos non se fixo nada. O tempo marcado é o suficiente para que poda disfrutar do ben a veciñanza. En canto aos posibles fondos a aplicar considera a postura do grupo municipal PP contradictoria fronte a solicitude de cesión da casa do





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	reloxo, sendo labor do goberno local solicitar as axudas necesarias.
Portavoz BNG	A propiedade está en ruína pola inactividade do concello ante un acordo co Arcebispado, sen que corresponda á oposición a busca de fondos e a toma de decisións. En canto ao feito de que a casa comparta a mesma referencia catastral coa capela non estima sexa un problema e formula ao ponente da moción unha posible emenda parcial de forma que se solicite a cesión por máis de cincuenta anos con dereito a compra.
Portavoz PSdG-PSOE	Non acepta a emenda proposta.
Portavoz PP	O seu grupo insta a cesión da titularidade da casa do reloxo a custe cero sendo o mesmo que se pode plantexar á Igrexa. En canto á necesidade de crédito, lembra ao portavoz PSdG-PSOE que máis da metade do orzamento municipal vai destinado ao pago de salarios do persoal e cando todo sube e os ingresos se manteñen, non existe fondo de manobra ou hai que renunciar a cousas. Noutros concellos ceden os inmobles a custe cero ao que se suma que antes deben cumprir coas súas obrigas como donos.
Portavoz PSdG-PSOE	Pregúntase por qué o PP sabe que a Igrexa non quere ceder se non ten falado coa mesma. E que o goberno non ten fondos pero sí subvencións que despois non aplica. Pecha a súa intervención lembrando que foi o PP o que alleou a maioría dos bens á Igrexa.

Rematado o debate, sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	En contra	A favor	A favor	En contra

En atención ao resultado acadado, o Pleno de conformidade co establecido nos artigos 22 e 25.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Pleno rexeitou a moción presentada.





Concello de Mugar dos
(A Coruña)

4º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E PSOE RELATIVA AO APOIO AO TECIDO ASOCIATIVO DE MUGARDOS.- Moción presentada polo grupo municipal BNG con data 16 de outubro de 2023, número rexistro de entrada 2023-E-RE-2105, da que se da conta na sesión ordinaria realizada pola Xunta de Portavoces con data 18 de outubro de 2023 para os efectos do trámite previsto no ROM con carácter previo á súa inclusión da orde do día do Pleno:

“MOCIÓN CONXUNTA AO CONCELLO-PLENO ORDINARIO, do día 25 de outubro de 2023:

APOIO AO TECIDO ASOCIATIVO DE MUGARDOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Optouse dende o goberno municipal por subvencionar ás asociacións de Mugar dos a través de convenios de colaboración. Este sistema, inicialmente, consistía na sinatura dun convenio de colaboración Asociación-Concello durante o primeiro trimestre do ano. No momento da sinatura a asociación recibía un ingreso polo 80% da cantidade acordada, recibendo o resto ao finalizar o exercicio previa xustificación do gasto.

Nos últimos anos este modelo de convenio recibiu múltiples reclamacións polo incumprimento. Non se está negociando a sinatura dos convenios no prazo acordado nen se están recibindo os importes, trala sinatura dos convenios, nun prazo razoable que permita financiarse as asociacións.

Estos incumprimentos reiterados por parte do goberno municipal do Concello de Mugar dos está provocando que moitas das asociacións desistan deste tipo de acordo e outras presenten escritos e reclamacións case sempre desatendidas, por todo isto faise a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

- Instamos ao goberno municipal ao cumprimento das obrigas derivadas dos convenios coas asociacións en prazo e forma.
- Instamos ao goberno municipal que estude a viabilidade da fórmula de convenios subscritos individualmente buscando unha alternativa de axudas ás asociacións cun modelo de subvención con criterios





Concello de Mugardos
(A Coruña)

obxectivos que realmente faciliten a actividade do tecido asociativo da nosa vila.”

Motiva a moción por que o seu grupo é coñecedor de que hai cantidades do ano 2021 pendentes de pago, convenios sen asinar do ano 2022 etc. Situación que está afogar ás asociacións que da vida á actividade cultural do concello.

Primeira quenda de intervencións

Portavoz PP	Os convenios existen dende sempre se ben recoñece que dende o Goberno se priorizaron respecto das subvencións. As asociacións teñen problemas de tramitación e para paliar estas incidencias realizouse unha reunión o ano pasado que deu bos resultados. De igual xeito se incrementou o número de asociacións que asinan convenios. En canto á demora no pago, obedece a distintas causas (cambios das asociacións, retrasos na entrega da documentación etc). A solución que se buscou é o Plan Estratéxico de Subvencións e por iso presenta unha emenda parcial para que se debata nunha Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica.
-------------	--

Segunda quenda de intervencións

Portavoz EU	O seu grupo está a favor dos convenios máis é un sistema que deixa fóra as asociacións de concorrencia competitiva.
Portavoz BNG	Considera que a emenda do PP no aporta nada máis a aceptan así como tamén está de acordo en que non se deixe fora ás asociación que recibían subvencións en concorrencia competitiva. Está por ver a eficacia do Plan Estratéxico e descoñece por qué a intervención municipal non recibiu unha orde en tal sentido.
Portavoz PP	Reitera que o Plen Estratéxico pode ser unha boa solución para unha situación complexa.
Portavoz PSdG-PSOE	Resolver a situación é un traballo propio da concellería e pese ás peticións de información non se lle responde. A situación actual parécelle preocupante pola ruptura da confianza nas institucións e imaxe do concello provoca hacia o exterior.

Rematado o debate, sometida a votación ordinaria a moción coa emenda formulada polo grupo municipal PP, acádase o seguinte resultado:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor

En atención ao resultado acadado, o Pleno de conformidade co establecido nos artigos 22 e 25.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Instar ao goberno municipal ao cumprimento das obrigas derivadas dos convenios coas asociacións en prazo e forma.

Segundo.- Instar ao goberno municipal que estude a viabilidade da fórmula de convenios subscritos individualmente buscando unha alternativa de axudas ás asociacións cun modelo de subvención con criterios obxectivos que realmente faciliten a actividade do tecido asociativo da nosa vila.

Terceiro.- Elevar á consideración da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica o debate sobre as medidas a adoptar para dar efectividade aos pronunciamentos recollidos no punto primeiro e segundo.

5º.- SECRETARÍA.- URXENCIAS

Neste punto da orde do día elévase á consideración do Pleno por motivos de urxencia a ratificación do Decreto de Alcaldía núm. 2023-1034 de 24 de outubro de 2023 marcando servizos mínimos ante a convocatoria realizada polo sindicato CC.OO. de folga de persoal do primeiro ciclo de Educación Infantil contra o bloqueo das negociacións do XIII do Convenio colectivo de Centros de Asistencia e Educación Infantil, expediente administrativo aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 926/2021:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Con data 16 de outubro de 2023, número rexistro de entrada 2023-E-RE-2098 pola empresa concesionaria que presta o servizo de xestión da EEIM As Lagoas trasládase:

“... ”

Que os próximos días 19 e 25 de outubro e 8 e 15 de novembro de 2023, o sindicato CCOO convocou una folga de persoal do primeiro ciclo de Educación Infantil contra o bloqueo das negociacións do XIII Convenio Colectivo de Centros de Asistencia y Educación Infantil.

...”





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Consta no previo expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona nº 2453/2022, informe de secretaria sobre o réxime xurídico e procedemento aplicable nos casos de convocatorias de folga que afecte á prestación de servizos mínimos.

Con data 23 de outubro de 2023 emítese informe da psicóloga municipal:

“ ...

Normativa aplicable:

- Regulamento de réxime interior da Escola infantil municipal As Lagoas (BOP núm206, 28/10/2021)
- Ordenanza fiscal núm. 13 reguladora da taxapola prestación dos servizos da Escola infantil Municipal “As Lagoas” BOP núm 19, 27/01/2023)
- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia establece os requisitos para as escolasinfantís 0-3

Antecedentes

O día 16/10/2023 a empresa adxudicataria da escola infantil municipal (FESAN) comunicou que os vindeiros días 19 e 25 de outubro e 8 e 15 de novembro o sindicato CCOO convocou unha folga de persoal de primeiro ciclo de E. Infantil.

A empresa Fesan informa que “de non haber persoalsuficiente para o cumprimento das ratios establecidas na normativa vixente, non se poderáacoller á totalidade dos nenos e nenas matriculadas”

A alcaldía solicita informe técnico sobre o persoal e servizos mínimos para cumprir a finalidade do centro.

Consideracións legais e técnicas

A Escola infantil Municipal dispón do seguinte persoal para 3 Unidades: 1 directora, e 5 educadoras, das que só 2 están a xornada completa (38 horas semanais), 1 cociñeira (20 h. semanais) e unha limpadora (15 h. semanais).

O horario da Escola é de 7:30 a 17:30 horas. Ten servizo complementario de comedor Na actualidade a Escola ten 28 alumnos/as matriculados/as (7 de 0 a 1anos, 7 de 1 a 2 anos, e 14 de 2 a 3 anos)

A Sección segunda do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores eos centros de atención á infancia establece os requisitos para as escolasinfantís 0-3.

A finalidade prioritaria é a atención educativa e asistencial a nenos/as. O artigo 25 establece que: Cada centro abrirá duranteun mínimo de oito horas diarias, en xornada partida ou continuada, cinco días á semana de luns a venres e doce meses ao ano, salvo causa xustificada. Non obstante, respectando estes mínimos, cada centro poderá determinar os seus calendarios e horarios de apertura e peche ao público en función da demanda existente e da necesaria conciliación da vida persoal, familiar e laboral.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

O dito decreto establece a proporción de adulto/veno: dun número igual ao de unidades en funcionamento máis un.

Polo anteriormente exposto INFORMO de que

1. Pode cumprirse a finalidade asistencial do centro con 2 persoas de atención directa en horario de 7:30h a 15:30h.e 1 persoa de apoio en horario suficiente para desenvolver as funcións asistenciais (cambio de cueiros, vixiancia de sono se fose preciso...).
2. O servizo de comedor, ao ser opcional, non se considera esencial para cumprir a finalidade asistencial.
3. Deberá estar garantida a hixiene do centro (baleirado de contedores e papeleiras, limpeza básica baños e demais estancias onde permaneza o alumnado)

...”.

Tendo en conta o interese público presente na prestación do servizo, considérase necesario realizar pronunciamento e garantir os servizos que se consideran mínimos e de imprescindible prestación nos termos xa descritos presentes no informe técnico de referencia para un servizo público que en atención aos obxectivos que persigue de acordo co seu réxime xurídico debe ser considerado como esencial na súa vertente asistencial, afectando por igual ao alumnado como ás familias.

Para tal efecto debe lembrarse que ningún dereito fundamental pode ser considerado como absoluto (art. 28.2º e 53 Constitución española), se non que o seu exercicio debe ser conciliado con outros igualmente presentes neste caso de carácter colectivo e interese público, de xeito proporcionado, respectando os intereses públicos prevalentes en cada caso. Desta forma, en atención ao establecido no Real Decreto-Lei 17/1977, de 4 de marzo, sobre relación de traballo, Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia establece os requisitos para as escolas infantís 0-3, o Regulamento municipal que disciplina a prestación do indicado servizo, ao abeiro do establecido no artigo 21.1º.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, en función da urxencia provocada polo reducido tempo transcorrido dende a comunicación da convocatoria de folga, por medio da presente **RESOLVO:**

Primeiro.- De acordo co informe emitido pola técnico municipal de 24 de outubro de 2023, considerar como esencial a finalidade asistencial do centro Escola Infantil Municipal As Lagoas e de limpeza e hixiene asociado a esta, ante a convocatoria de folga realizada polo sindicato CCOO para o persoal que presta os seus servizos no primeiro ciclo de Educación Infantil, os vindeiros días 19 e 25 de outubro e 8 e 15 de novembro, marcando como servizos mínimos:

- Finalidade asistencial: 2 persoas de atención directa en horario de 7:30h a 15:30h.e 1 persoa de apoio en horario suficiente para desenvolver as funcións asistenciais (cambio de cueiros, vixiancia de sono se fose preciso...).
- Limpeza e hixiene: deberán garantirse o baleirado de contedores e papeleiras, limpeza básica baños e demais estancias onde permaneza o alumnado.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Segundo.- Dar traslado da presente resolución á empresa FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES, CIF nº G-15597669 para que se dea cumprimento ás condicións para a realización de servizos mínimos.

Terceiro.- Dar traslado da presente Resolución ao Pleno na primeira sesión ordinaria que realicen para os efectos da súa ratificación.”

O Alcalde cede o uso da palabra á secretaria que dan conta dos trámites realizados a partir na normativa aplicable e uso do réxime previsto no artigo 21.1º.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

A continuación aclara que non se marcaron os servizos mínimos dende o primeiro día ao que se refería a convocatoria por que se trasladou que o persoal non se sumaría á convocatoria de folga máis sí no caso do día 25 de outubro de 2023, e por tal circunstancia se dicta o Decreto para a finalidade asistencial do centro que é considerado para tal efecto como esencial así como a limpeza e hixiene necesarios para desenvolver as funcións asistenciais.

Sometida a ratificación da urxencia a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	Abstención

Toma a palabra a concelleira do grupo municipal EU. Non considera competente ao concello ni ao Pleno para marcar os servizos mínimos por corresponder á patronal cos sindicatos.

Non subscitándose debate, sometido a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	Abstención	Abstención	Abstención

En función do resultado, o Pleno de conformidade co establecido no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, o establecido no Real Decreto-Lei 17/1977, de 4 de marzo, sobre relación de traballo, Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia establece os requisitos para as escolas infantís 0-3, o Regulamento municipal que disciplina a prestación do indicado servizo, adoptou o seguinte acordo:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Primeiro.- Ratificar o contido do Decreto de Alcaldía núm. 2023-1034 de 24 de outubro de 2023, marcando servizos mínimos ante a convocatoria realizada polo sindicato CC.OO. de folga de persoal do primeiro ciclo de Educación Infantil contra o bloqueo das negociacións do XIII do Convenio colectivo de Centros de Asistencia e Educación Infantil, expediente administrativo aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 926/2021.

6º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN URXENTES

Non se formulan.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

7º.- SECRETARÍA.- DAR CONTA DO ESCRITO DE ADSCRICIÓN DE CONCELLEIROS/AS ÁS COMISSIONS INFORMATIVAS PRESENTADO POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA.- O Pleno dá por realizado o trámite.

8º.- SECRETARÍA.- DAR CONTA DO ESCRITO DE ADSCRICIÓN DE CONCELLEIROS/AS Á COMISSION INFORMATIVA DE FACENDA E PROMOCIÓN ECONÓMICA PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.- O Pleno dá por realizado o trámite.

9º.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.- O Alcalde concede o uso da palabra á secretaria que procede a dar lectura á dilixencia asinada e achegada ao expediente da sesión con data 19 de outubro de 2023: “EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS. Pendente de visado polo Servizo de Inspección de Familia e Menores da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia.

EXPEDIENTE 1716/2023. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 02/2023 (RELACIONES CONTABLES DE FACTURAS F/2023/31 E F/2023/32).- Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente e pola Resolución da Alcaldía núm. 2023-0860 acordouse ordenar o pago de facturas da relación contable de facturas F/2023/32.

FESTIVIDADES LOCAIS 2024. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente e remitiuse certificación do acordo adoptado á Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de A Coruña. Pendente de publicación no DOG.

SECRETARÍA.- TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRA DE DNA. MARÍA DOLORES GONZÁLEZ LORENZO, DA CANDIDATURA DE ESQUERDA UNIDA. Uniuse certificación do acordo ao expediente.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

SECRETARÍA.- APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2023. 2º FASE DO POS+ADICIONAL 2 /2023. Uniuse certificación do acordo ao expediente e presentouse a solicitude de participación do Concello na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2023” da Deputación Provincial da Coruña.

EXPEDIENTE 2742/2022. XUSTIFICACIÓN DO 50% INICIAL DE ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO CONCELLO DE MUGARDOS PARA A FINANCIACIÓN DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES) ANUALIDADE 2023. Uniuse certificación do acordo ao expediente, téndose presentado dita certificación ante a Deputación Provincial da Coruña.

SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A PROPOSTA DE IMPULSO SOBRE AS OBRAS DE MELLORA DO PARQUE BEIRAMAR, NO SEIXO. Uniuse certificación do acordo ao expediente.

SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA INICIO DE TRÁMITES DE ADQUISICIÓN PATRIMONIAL DA CASA DA SEREA. Uniuse certificación do acordo ao expediente.

SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE MODIFICACIÓN DO USO DA ESCOLA UNITARIA DE O SEIXO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DESTINADOS Á ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES. Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia de Alcaldía a continuación da tramitación para solicitar a efectiva desafectación da EEI así como a emisión de informe da traballadora social e arquitecta municipal para os efectos de verificar a aptitude urbanística do posible destino a un uso asistencial público para persoas maiores.

SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE REDACCIÓN DUN PROXECTO PARA A INSTALACIÓN DUNHA CUBERTA EN EDIFICIO E A REHABILITACIÓN DAS FACHADAS E ESTRUTURAS COMO MEDIDA URXENTE DE PROTECCIÓN DO CINE ZÁRATE. Uniuse certificación do acordo ao expediente.”

10º.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE





Concello de Mugardos
(A Coruña)

COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE 2023-0893 AO 2023-1010..-O Pleno dá por realizado o trámite.

C) ROGOS E PREGUNTAS

11º.- ROGOS E PREGUNTAS

Rogos	
Portavoz PSdG-PSOE	<p>En función do anunciado en prensa polo concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior, solicita que se eleve a Comisión Informativa, información sobre as medidas urxentes adoptadas respecto de 45 inmobles para entre outros aspectos, coñecer os criterios tidos en conta ou a orde de adopción.</p> <p>Roga da concelleira delegada de Facenda e Promoción Económica se proceda a ordar o pago de facturas pendentes dende o mes de maio e que se dea conta na Comisión Informativa dos motivos da demora..</p> <p>Solicita do Alcalde que informe sobre as iniciativas que foi a consultar á Dirección Xeral de Administración Local.</p>
Portavoz BNG	<p>Solicita que a desafectación da escola infantil se leve á Comisión Informativa que corresponda.</p> <p>Roga se proceda á publicación das grabacións sonoras e actas do Pleno na páxina web do concello.</p> <p>Roga que o posible Plan de Igualdade do concello se eleve á consideración da Comisión Informativa correspondente.</p> <p>Solicita información actualizada sobre o que acontece coas actuacións no pabellón de O Cristo.</p>
Alcalde (contestación)	<p>O expediente de desafectación está en fase de informe.</p> <p>Respecto dos audios se dará traslado a secretaría da petición.</p> <p>En canto ao Plan de Igualdade como a iniciativa</p>





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	corresponde ao concello como empresa, corresponde a área de Réxime Interior.
Evaristo Deus Deus	<p>Reitera a petición de que se dea publicidade na páxina web ás actas e audios dos Plenos e que a páxina web do concello cumpra cos estándares de usabilidade e navegación.</p> <p>No Pleno no que se fixaron os importes das indemnizacións, o seu grupo votou en contra, entre outras cousas, polas diferenzas entre presidencias e vogais.</p> <p>Na Comisión Informativa de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior de agosto de 2023 pediuse que se informase quen era o promotor nun expediente de concesión de licenza.</p> <p>Con data 21 de setembro de 2023 consta en comunicación que o promotor era o propio concello, e non é ata dous meses despois cando vai a Comisión.</p> <p>Polo que tras esta exposición de motivos roga que o Goberno local sexa máis dilixente.</p>
Portavoz PP	A arquitecta técnica municipal estivo detrás da empresa durante moito tempo por esta razón. Manifesta o seu desacordo coa crítica recibida que non acepta, e solicitará información ao particular.
Evaristo Deus Deus	Roga que se os expedientes non están en forma e preparados non se eleven á consideración da correspondente Comisión Informativa.

Non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as vinte horas e cincuenta e tres minutos, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

Visto e praxe

O Presidente

A secretaria

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Paula E. Ramos Díaz

